



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 14/04/2011 ACTA Nº 1

ASISTENTES:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
- D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
- D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
- D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, grupo BNG
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
- D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, membro non adscrito
- D. José Castor Novoa Fernández, membro non adscrito
- D. Manuel Diéguez Carballo, membro non adscrito
- D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, membro non adscrito

SECRETARIO:

- D. Rafael del Barrio Berbel

INTERVENTORA:

- D^a Mónica Legaspi Díaz.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día catorce de abril de dous mil once, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria anterior do día 25/11/2010.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2º.- COMUNICACIONES OFICIAIS.-

Polo Sr. Secretario douse conta do Decreto de Alcaldía de data 9/12/2010 sobre o fin do servizo de oficina municipal de rehabilitación, e do Decreto de Alcaldía de data 7/04/2011 sobre a proposta de inversión para o Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos Municipais.

3º.- APROBACION DO ORZAMENTO XERAL, PLANTILLA E RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PARA O ANO 2011

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, o Sr. Alcalde-Presidente formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2.011.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde-Presidente cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Vista a proposta de Convenio colectivo do persoal laboral e de modificación da plantilla de persoal e da RPT sometida a negociación sindical na sesión do día 6/04/2011.

Visto o informe do Secretario Municipal de data 7/04/2011 ao amparo da facultade prevista no artigo 94.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

Considerando o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril; na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; no capítulo III do título IV da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e en Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Libertad Sindical.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple da relación de Postos de Traballo (RPT).

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2.011.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 7/04/2011.

A Sra. Interventora explica en liñas xerais os distintos aspectos do presuposto xeral do ano 2011 e as súas variacións con respecto ao presuposto do ano anterior.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Ledo Fernández, Concelleiro delegado de Facenda e Réxime Interior, explica que é un presuposto realista e realizábel, destacando que se reduce en



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

400.000 euros respecto do presuposto do ano 2010 pola redución das transferencias da Xunta de Galicia e do Goberno Central. Sinala que é un presuposto austero pola situación económica do

Concello e a situación económica xeral, reducíndose o gasto en enerxía eléctrica que era moi elevado co cambio das luminarias en moitas rúas e parroquias, pretendéndose chegar a unha redución do consumo entre o 35 e o 40% en 4 anos.

En canto ao gasto en inversión, cifrao en torno a un 16% procedente da Xunta de Galicia e do Goberno central, sinalando que da Xunta non se percibiu nada máis do estritamente obrigatorio por lei, nin sequera para a feira do viño que é a mais importante de Galicia, calificando a postura da Xunta de inmoral e pouco ética.

En canto ao gasto de persoal, cifrao en torno ao 44% e recoñece que aínda que é elevado o Concello de Chantada dá traballo nestes momentos a 130 familias, e que se vai manter ou aumentar esa liña de traballo dada a situación de crise económica que esta afectando moitas familias. Neste sentido, apunta que a Deputación de Lugo financiou a contratación de traballadores en todos os municipios da provincia polo seu número de habitantes, 20 en Chantada, sen distinción da cor política, a diferenza do que fai a Xunta de Galicia que non financia a Chantada ningún traballador, cando ao Concello de Quiroga lle financio 60 traballadores. Tamén destaca a importancia do convenio regulador do persoal laboral que se aproba polo equipo de goberno bipartito por unanimidade na mesa de negociación, sen incremento de gastos para o Concello.

En canto ao gasto corrente, cifrao en torno ao 27%, destacando que está dentro dos parámetros normais.

O Sr. Varela Rodríguez, concelleiro non adscrito a ningún grupo político, sinala que os presupostos chegan tarde, xa que deben de ser aprobados no ano anterior, e que aínda que cadran porque están feitos por unha profesional, non son os que eles hubieran aprobado.

En canto ao gasto en persoal, di que é desorbitado por estar nun ano electoral, e que é inviable soportar un gasto do 43%, cando fai uns anos estaba en torno ao 25% ou 30% e xa era demasiado; xa que non será posible continualo en anos sucesivos, porque se se lle suma o gasto corrente en bens e servizos non queda nada para investimentos reais.

En canto ao gasto en investimentos, sinala que este ano non hai Plan E e redúcense as transferencias doutras administracións; e que dende a FEGAMP e a FEMP se vén insistindo na necesidade de levar a cabo a segunda descentralización dende a comunidades autónomas ás entidades locais, xa que agora son as comunidades autónomas as que non transfiren diñeiro aos Concellos e os obrigan a financiar unhas porcentaxes para poder conseguir subvencións.

En canto ao gasto en leasing de maquinaria para obras, dubida de que sexa unha boa operación xa que antes non era rendible manter os parques de maquinaria, e non era viable nin sequera para varios Concellos xuntos. Sinala tamén que non é posible manter todas as pistas de Chantada co equipo de rego e que é mellor en aglomerado en quente como fai a Deputación.

Finaliza a súa intervención sinalando que non van aprobar os presupostos.

O Sr. Janeiro Rodríguez, concelleiro do grupo PP, móstrase de acordo cos argumentos esgrimidos polo Sr. Varela, tanto no relativo a que os presupostos se deberían aprobar ante de rematar o ano 2010 e non a un mes das eleccións, como nos gastos excesivos en persoal e en maquinaria.

Apunta que son uns presupostos irrealistas como os últimos do bipartito da Xunta, que non se axustan ás necesidades dos veciños, e que é irresponsable presentalos neste momento, xa que dado o nivel de endebedamento do Concello deberían de esperar ao próximo equipo de goberno.

O Sr. Ledo Fernández afirma que son uns presupostos necesarios para que o Concello funcione, e que non é unha irresponsabilidade xa que o atraso se arrastra dende a época do PP porque se tarda en facer a liquidación do presuposto do ano anterior.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Así mesmo, matiza que non é malo gastar en persoal xa que se mitiga a situación de desemprego en Chantada, e que van seguir nesa liña xa que o importante é os investimentos que se conseguen de fóra. Neste sentido, recorda que aínda que o presuposto de Chantada é de 5,3

millóns de euros, na práctica os ingresos son de 10,5 millóns de euros cos seguintes investimentos reais que non figuran no presuposto porque o financia a Deputación Provincial: 975.000 do auditorio, 450.000 euros das piscinas, 3 millóns de euros do parque empresarial, 170.000 euros de novas tecnoloxías, e outro tanto do aglomerado en pistas de Chantada.

Sinala tamén que é imposible chegar a todas as pistas con aglomerado en quente e o que están a facer é a única posibilidade.

O Sr. Varela Rodríguez insiste nos argumentos anteriores sinalando que será difícil este ano participar en subvencións doutras administracións porque non haberá liquidez, e que a creación de emprego compete mais aos empresarios, podendo a administración axudar ao mundo da empresa para a creación de emprego, reiterando que van rexeitar os presupostos porque non son os que eles farían.

A Sra. Gómez Alvarez di que non está de acordo cos presupostos pero que é importante dispoñer deles para o Concello, e que vai mal ao próximo concelleiro de cultura, pero que vai votar a favor por correspondencia.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP e aos concelleiros non adscritos, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento xeral ordinario deste Concello para o ano 2.011 que consta dos seguintes documentos:

- a) Estado de Gastos orzamento 2011
- b) Estado de Ingresos orzamento 2011
- c) Memoria da Presidencia
- d) Plantilla de persoal funcionario e laboral fixo e temporal
- e) Bases de execución do orzamento e anexos
- f) Informe económico financeiro e anexos
- g) Anexo de investimentos do exercicio
- h) Informe da Intervención de Fondos
- i) Liquidación do orzamento do ano 2009 e avance da liquidación do orzamento do ano 2010

SEGUNDO.- Aprobar a plantilla de persoal funcionario e laboral fixo deste Concello para o ano 2.011, e as seguintes modificacións na Relación de Postos de Traballo (RPT), sen incremento retributivo algún a nivel xeral, de acordo co acta da mesa de negociación sindical do día 6/04/2011:

- Crear unha vacante no cadro de persoal de funcionarios de auxiliar administrativo, e manter a vacante de conserxe creado no ano 2010.
- Crear 3 prazas de monitores deportivos laborais fixos , para ser cubertas por concurso-oposición, sen incremento retributivo o xa dotado nas prazas laborais temporais do exercicio 2010.
- Funcionarizar a praza da bibliotecaria, actualmente laboral fixo, e incrementar as retribucións en 3.600 euros/ano nos complementos que procedan.
- Modificar o Subgrupo da Policía Local do C2 ao C1, sen que implique incremento retributivo algún, o que disminuirá o complemento específico na mesma cuantía que a suba do soldo base.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Modificar o complemento de destino da praza de Oficial de Policía Local, do nivel 18 ao nivel 20, e modificar o complemento específico para equiparalo ao resto das xefaturas de servizo, na cuantía de 13.721,04 euros/ano.
- Modificar o complemento de destino da praza de Aparellador Municipal, do nivel 25 ao ao 26.

TERCEIRO.- Aprobar o “Convenio colectivo regulador das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Chantada” de acordo co acta da mesa de negociación sindical do día 6/04/2011.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, as modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado, consideraranse feitas sobre o orzamento definitivo, aumentando en consecuencia impórtelos dos créditos iniciais en cantidade igual á das modificacións realizadas.

QUINTO.- Expor ao público os anteriores acordos aprobados inicialmente mediante anuncios no boletín Oficial da provincia, para que durante o prazo de 15 días e 30 días respectivamente os interesados poidan presentar reclamacións. Os acordos se considerarán definitivamente aprobados se durante os prazos indicados non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.”

4º.- EXPEDIENTE DE CAMBIO DE TRAZADO DE CAMINO NO LUGAR DE SILLÁN.

Visto o escrito e a documentación presentada por D. Ricardo González Perez e outros en data 13/10/2010, RE nº 3590 e 18/01/2011, RE nº 220, solicitando que se tramite o correspondente expediente para a desafectación dun anaco de vial local no lugar de Sillán e posterior permuta por un novo itinerario de paso mellorado en substitución do anterior.

Visto o informe da Policía local de Chantada de data 21/09/2010, achegando reportaxe fotográfica sobre o lugar onde discorrería o camiño en cuestión.

Visto que se trata dun ben demanial de uso público.

Visto que por providencia de alcaldía de data 8/11/2010 se procedeu á incoación do expediente para a desafectación do referido camiño, solicitándose informe os servizos técnicos municipais.

Visto o informe xurídico de data 11/11/2010.

Visto o informe favorable do Aparellador municipal de data 2/02/2011.

Considerando o disposto no artigo 8 do RD 1372/86, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo do día 7/04/2011 no seguinte sentido:

“PRIMEIRO. - Aprobar o expediente de cambio de trazado do camiño no lugar de Sillán de acordo co seguinte plano que obra no expediente, o que supón a alteración da cualificación xurídica dun tramo deste (desafectación) que pasa a ser de carácter patrimonial, e que se



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

permuta por un novo tramo de 164 m² que discorrería pola parcela 424 do polígono 94 do catastro de rústica:



SEGUNDO. - Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO. - Considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo.

CUARTO. - Cando o presente acordo sexa definitivo realizar os actos de recepción formal dos bens inmovible que foron desafectados e afectado ao dominio público, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e comunicalo á Dirección Xeral do Catastro Inmobiliario para o seu coñecemento e efectos oportunos.

QUINTO. - Facultar o Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes acordos.”

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Mazaira Varela, voceiro do grupo BNG, explica que sería conveniente deixar o asunto sobre a mesa para o seu posterior tratamento noutro Pleno, xa que no equipo de goberno sempre chegan a acordos por maioría ou unanimidade e neste asunto teñen posturas distintas polos conflitos que hai entre os veciños afectados dende hai moito tempo.

O Sr. Varela Rodríguez coincide coa postura do grupo BNG, sinalando que na comisión informativa formulo deixar o tema sobre a mesa para que os voceiros dos grupos fixesen xestións para poñer de acordo a todos os veciños, propoñendo que se faga un pleno extraordinario para solucionar este asunto sen cobrar asistencias, xa que pola contra non van aprobar o acordo.

O Sr. Alcalde di que non retira o asunto da orde do día, que cada grupo vote o que estime oportuno, xa que se seguiron todos os trámites legais, e o que se somete a aprobación é a iniciación do expediente, e haberá un prazo de alegacións para chamar ao consenso entre os afectados, e será a nova corporación a que resolva o expediente.

O Sr. Janeiro Rodríguez coincide co Sr. Varela, xa que o Concello ten que intentar buscar solucións e non se inmiscir en problemas entre veciños.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

A Sra. Gómez Alvarez móstrase de acordo con deixar o asunto sobre a mesa para intentar arranxar o problema, xa que pola contra vai votar en contra.

O Sr. Alcalde insiste en que non retira o asunto e que o procedemento é legal e conta cos informes preceptivos, e que a comisión informativa ditamino o asunto favorablemente, polo que procede a súa votación.

Sometido o asunto a votación, non é aprobado por dos votos a favor correspondentes aos Sres. Taboada Rodríguez e Ledo Fernández, seis votos en contra correspondentes as Sras. Gómez Alvarez, Otero Gómez e aos concelleiros non adscritos, e cinco abstencións correspondentes aos Sres. Ledo Rodríguez, Piñeiro Díaz, Mazaira Varela, Carbón Seijas, e Janeiro Rodríguez.

5º.- SOLICITUD BONIFICACION IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR OBRAS DE ESPECIAL INTERESE MUNICIPAL POR CIRCUNSTANCIAS CULTURAI. CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERISTARIA.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das suas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito de D. Xefe Territorial da Consellería de Educación de data 22/07/2010, RE nº 2684, de 28/07/2010, no que solicita a exención do pago do imposto de Construcións e obras en relación coa licenza de obra concedida na Xunta de Goberno Local do día 17/09/2010 para varias obras no CEIP Eloisa Rivadulla e CEIP Xoán Requeixo de Chantada (Expte: 311/020/2010).

Vista a liquidación do pago do imposto de Construcións e obras practicada por importe de 2.152,23 euros.

Visto o informe da Interventora Municipal de data 31/01/2011.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:

2. As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:

a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora do “Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Chantada”, aprobada na sesión plenaria do día 13/03/2008 (BOP de 22/05/2008), que establece a seguinte bonificación:

Construcións, instalacións ou obras declarables de especial interese ou utilidade municipal	Porcentaxe de bonificación
Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.	95%

Considerando o disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 7/04/2011.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Consellería de Educación unha bonificación do 95% no imposto de construcións, instalacións e obras en relación coa licenza da obra concedida na Xunta de Goberno Local do día 17/09/2010 para varias obras no CEIP Eloisa Rivadulla e CEIP Xoán Requeixo de Chantada (Expte: 311/020/2010), por circunstancias de interese cultural.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados e comunicarllo o departamento de Intervención para que practique a liquidación correspondente.”

6º.- SOLICITUD BONIFICACION IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR OBRAS DE ESPECIAL INTERESE MUNICIPAL POR CIRCUNSTANCIAS HISTORICO-ARTISTICAS. D. ADOLFO GARCIA LOPEZ.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito de D. Adolfo García López de data 23/02/2011, RE nº 457, no que solicita que se bonifique o 95% do imposto de construcións e obras en relación coa licenza de obra concedida por decreto de alcaldía de data 30/09/2009 para rehabilitación de edificación na rúa Leonardo Rodríguez nº12, 1ª y 2ª planta.

Vista a liquidación do pago do imposto de Construcións e obras practicada por importe de 298,92 e 469,39 euros.

Visto o informe da Interventora Municipal de data 7/03/2011.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:

2. As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:
a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora do “Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Chantada”, aprobada na sesión plenaria do día 13/03/2008 (BOP de 22/05/2008), que establece a seguinte bonificación:

Construcións, instalacións ou obras declarables de especial interese ou utilidade municipal	Porcentaxe de bonificación
--	-----------------------------------



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Construcións, instalacións ou obras declarables de especial interese ou utilidade municipal	Porcentaxe de bonificación
Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.	95%

Considerando o disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 7/04/2011.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. Adolfo García López unha bonificación do 95% no imposto de construcións, instalacións e obras en relación coa licenza da obra concedida coa licenza de obra concedida por decreto de alcaldía de data 30/09/2009 para rehabilitación de edificación na rúa Leonardo Rodríguez nº12, 1ª y 2ª planta, por circunstancias histórico-artísticas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados e comunicarlo o departamento de Intervención para que practique a liquidación correspondente.”

7º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 1/2011

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente.

Vista a relación de facturas de obras pertencentes a exercicios anteriores presentados pola Interventora Municipal para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

Visto o informe de Intervención onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

Considerando o disposto nos artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e nos artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 7/04/2011.

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG e PP, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extrajudicial das seguintes facturas de anos anteriores



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

por importe total de 459.393,35 euros:

BENEFICIARIO	CONCEPTO	IMPORTE
REC 2010		
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1688 MATERIAL DE CONSTRUCCION	596'30
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1719 MATERIAL DE CONSTRUCCION	1.406'12
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1704 MATERIAL DE CONSTRUCCION	61'96
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1705 MATERIAL DE CONSTRUCCION	730'18
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1304 MATERIAL DE CONSTRUCCION	160'47
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1333 MATERIAL DE CONSTRUCCION	484'95
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1281 MATERIAL DE CONSTRUCCION	625'32
MAT. DE CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1282 MATERIAL DE CONSTRUCCION	220'16
JESU LOPEZ GUERRA	FAC. Nº 582 DE MADERA	7.722'14
SUMINISTROS SOBREIRA S.L.	FAC. Nº 1/2026 MATERIAL DE CONSTRUCCION	1.019'52
SUMINISTROS SOBREIRA S.L.	FAC. Nº 1/3509 MATERIAL DE CONSTRUCCION	995'16
ALMACENES REYGO S.L.	FAC. Nº 1237 MATERIAL DE CONSTRUCCION	2.537'69
ALMACENES REYGO S.L.	FAC. Nº 11229 MATERIAL DE CONSTRUCCION	4.111'78
ALMACENES REYGO S.L.	FAC. Nº 888 MATERIAL DE CONSTRUCCION	1.373'24
ABEIRO DE AGRICULTURA S.L.	FAC. Nº 400/10 LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO CASTEDA	354,00
INGENIERIA GEOTECNIA Y CALIDAD S.L.	FAC. Nº 2752 DE INFORM GEOTECNICO	1.180,00
JOSE A. GONZALEZ GOMEZ	FAC. Nº 35 DE REURBANIZACION PARCIAL POLIGONO	5.681'27
JOSE A. GONZALEZ GOMEZ	FAC. Nº 34 DE RENOVACION ESPAZOS PUBLICOS SAN PEDRO DE VIANA.	2.476,33
GRANITOS MARMINSA S.L.	FAC. Nº 15 DE PIEDRA	9.518'50
ALMACENES REYGO S.L.	FAC. Nº 952 MATEIRAL DE CONSTRUCCION	1.622'91
ALMACENES REYGO S.L.	FAC. Nº 951 MATERIAL DE CONSTRUCCION	3.324'85
RABELAS S.L.	FAC. Nº 6032 DE CABLE TRENZADO	2.479'69



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

RABELAS S.L.	FAC. Nº 6064 DE LAMPARAS	1.718'99
RABELAS S.L.	FAC. Nº 6080 DE MATERIAL ELECTRICO	2.356'74
RABELAS S.L.	FAC. Nº 6161 DE INSTAL. AV. MONFORTE.	6.042'40
SUMINISTROS SOBREIRA S.L.	FAC. Nº 270 DE MATERIAL CONSTRUCCION	2.165'06
VICENTE DIEGUEZ SIMON	FAC. Nº 100080 DE REPARACION FONTANERIA	20.339'47
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1774 MATERIAL CONSTRUCCION	2.736'89
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1776 MATERIAL CONSTRUCCION	2.035'65
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1753 MATERIAL CONSTRUCCION	2.552'06
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1792 MATERIAL CONSTRUCCION	696'25
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1775 MATERIAL CONSTRUCCION	1.214'28
MAT. CONSTRUCCION S.L.	FAC. Nº 1736 MATERIAL CONSTRUCCION	1.011'09
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 30 CAMINO VILANOVA-PENASILLAS	15.241'73
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 29 REPARACION NOXILDE	928'29
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 26 REPARACION RIOPEDROSO	8.152'64
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 28 PISTA CEMENTERIO LAXE	2.193'59
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 27 REPARACION PENASILLAS	5.268'99
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 31 ACCE A VILANOVA	1.194'46
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 43 MEJORA TRAV. N-540	5.084'73
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 42 MEJORA TRAV. N-540	944'19
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 2 PAVIMENTACION O PEREIRO	1.633'16
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 3 ACONDICION. E A FONTE	4.463'68
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 1 CAMINO EN BOAN	661'20
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 33 HORMIGON BRIG. XARDINS	973'89
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 34 HORMIGON PISTAS MUNICIP.	7.750'22
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 44 PAVIMENTACION A FONTE Y SAN ESTEBAN	5.684,00
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 45 PAVIM. AS CORNEAS-SAN ESTEBAN	7.105,00
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 35 CANALIZACION AGUAS CONVENTO	12.394'70
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 61 PISTAS EN PEREIRA, VEIGA E SAN FIZ	2.312'80
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 62 RECOGIDA AGUAS BOAN	1.893'31



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 63 BACHEO CENTULLE-FORNAS.	737'50
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 64 RASANTEO EN PARQUE ELOISA	3.112'25
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 65 REPARACIONES PIEDRA ROSA PORRIÑO	1.745'22
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 60 ACERA EN B. STA. MARIÑA	2.387'14
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 59 HORMIGON EN PISTAS	6.979'58
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 32 OBRAS SAN PEDRO VIANA	55.715,00
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 46 ACCESOS ESMERIZ	5.217'38
REC. 2007		
MANUEL FERREIRO GESTION S.L.	FAC. Nº 72/2007 DE REDACCION PROYECTO	5.478'68
REC. 2009		
ISAAC FERNANDEZ FERNANDEZ	FAC. Nº 13/03/09 PROXECTO SANEAM. ANSOAR	6.264,00
ISAAC FERNANDEZ FERNANDEZ	FAC. Nº 11/03/09 PROXECTO SANEAM. LAXA Y AMEDO	7.772,00
ISAAC FERNANDEZ FERNANDEZ	FAC. Nº 12/03/09 PROXECTO SANEM. PORTAS	7.656,00
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 40 DE OBRAS ABASTECIMIENTO VILANOVA	29.985'48
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 4 REPARAC. GARABELOS-N-533	5.233'17
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 6 REPARAC. GARABELOS-PADERNE	11.666'44
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 7 TRABAJOS EN LOCAL MULTIUSOS	22.732'84
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 8 REPARAC. VIGO DE MARIZ-LIMIÑON	15.601'16
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 11 REPARAC. OUTEIRO, PACIO E SOBREIRA	12.532'08
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 15 REPARAC. PADERNE, LIMIÑON	16.368'43
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 17 REPARAC. PADERNE-BOAN	4.952'82
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 24 REPARACION LAMAMARIN	5.410'24
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 30 REPARAC. PADERNE-VIGO MARIZ	23.450'93
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 64 PORTES MATERIAL RIEGO	3.096'40
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 70 HORMIGON EN OS FUREIROS	15.834,00
CONS. VOCES S.L.	FAC. Nº 75 ARREGLOS ACCESO PUNTO	14.032'61



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

	LIMPO	
--	-------	--

SEGUNDO.- Aplicar con cargo a partida orzamentaria 150.600.00, financiándose coa débeda do canon hidroeléctrico da Deputación Provincial de Lugo a favor do Concello de Chantada.

8º.- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓN PARA O PLAN DE COFINANCIACIÓN DE MANTEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, ANO 2011

Vista a Orde do 3/03/2011 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporación locais e se procede á súa convocatoria.

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e os Decretos da alcaldía de data 29/08/07 e 05/05/2009, no que se delega xenericamente no Tenente de Alcalde a competencia en materia de benestar social.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 7/04/2011.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Piñeiro sinala que na comisión informativa non se tiñan os datos da axuda da Deputación, que é de 42.000 euros, polo que o Concello vai achegar o mínimo posible. En canto á partida de benestar social nos presupostos sinala que ascende 700.000 euros, con 75.000 euros máis respecto a anos anteriores, o que supón que non houbo recortes en prestacións sociais.

O Sr. Varela móstrase de acordo con que a Deputación achegue 42.000 euros, pero apunta que en anos sucesivos se non se recibe esa achega o soportará o Concello.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ó abeiro da Orde do 3/03/2011 da Consellería de Traballo e Benestar, para a cofinanciación da prestación dos Servizos Sociais de Atención Primaria polos seguintes conceptos e importes:

PERSOAL

2 traballadores sociais (xornada completa)	19.637,02
1 técnico de grao medio (educadora familiar)	15.012,59
1 auxiliar administrativo	12.028,57

MANTEMENTO 1.800,00

REALIZACION DE PROGRAMAS 3.500,00

AXUDA NO FOGAR

1. PRESTACION BÁSICA	62.325,88
2. DEPENDENCIA	164.391,00

Sendo a ACHEGA LOCAL polos seguintes conceptos e importes:

PERSOAL

2 traballadores sociais	22.482,79
1 técnico de grao medio	5.071,76
1 auxiliar administrativo	737,51
MANTEMENTO	1.200,00



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

REALIZACION DE PROGRAMAS	1.000,00
AXUDA NO FOGAR	
Prestación Básica de SAF	40.520,00
Dependencia SAF	12.688,00

Sendo o PRESUPOSTO TOTAL o seguinte:

PERSOAL	
Aportación da Comunidade Autónoma	46.678,18
Aportación Local	28.292,06
Remanente	10.388,16
TOTAL PARCIAL	85.358,40

MANTEMENTO	
Aportación da C.A.	1.800,00
Aportación da Corporación local	1.200,00
TOTAL PARCIAL	3.000,00

REALIZACIÓN DE PROGRAMAS	
Aportación da C. Autónoma	3.500,00

Aportación da Corporación Local	1.000,00
Remanente	2.500,00
TOTAL PARCIAL	7.000,00

AXUDA NO FOGAR	
PRESTACION BASICA DE SAF	
Aportación C. Autónoma	62.325,88
Aportación C. Local	40.520,00
TOTAL PARCIAL	102.845,88

PRESTACION DEPENDENCIA	
Aportación C. Autónoma	164.391,00
Aportación C. Local	12.688,00
Remanente	40.321,00
TOTAL PARCIAL	221.400,00

SEGUNDO.- Acollerse ó contido da mentada Orde formulando a solicitude correspondente con achega dos documentos a que se fai referencia na mesma.

TERCEIRO.- Facultar á Tenencia de alcaldía para a sinatura de calquera documento conducente á execución deste acordo. “

9º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

9.1.- Moción do grupo BNG ao respecto das caixas.

O Sr. Piñeiro explica o contido da moción:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

“É un clamor en toda Galiza o sentimento de estafa polo anuncio de novas esixencias ás caixas de aforro. Botando man das palabras do catedrático de economía aplicada da USC, Xavier Vence, é un golpe á autonomía e un espolio á sociedade.

Coa desculpa da crise e despois de teren forzado a fusión entre Caixanova e Caixa Galicia porque seica hai uns meses o importante era o tamaño, Banco de España, Goberno do PSOE e Partido Popular, despois de teren bendicido a fusión e avalado a viabilidade da Novacaixagalicia, veñen agora con novas esixencias ostensiblemente arbitrarias cuxa única razón é obrigar a bancarización das caixas de aforro.

Este espolio do aforro Galego e o ninguneo da competencia exclusiva recoñecida no artigo 30.5 do Estatuto de Autonomía de Galiza non é froito de ningunha medida improvisada, como tamén afirma o profesor Vence, é a consecuencia dos pactos de 2006, o apoio ao FROB en 2009 e á reforma da LORCA en 2010. Pactos, FROB e reforma da LORCA acordada entre o Goberno do PSOE e o Partido Popular ambos ao servizo do capital financeiro especulativo.

Agora os mesmos que sostiveron os directivos das caixas de aforros galegas, poñen en dúbida interesadamente a solvencia da nova caixa. Se así for onde está a responsabilidade do Banco de España e da Consellaría de Facenda da Xunta que dende 1995 ten a obriga de controlar o funcionamento das caixas de aforros.

Por último, a arbitrariedade das esixencias de garantías, maior para as caixas que para os bancos, non permite interpretacións. Trátase unicamente de entregar aos mercados, como agora lle chaman aos financeiros especuladores, a metade do sistema financeiro que até o de

agora estaba sometido a un certo control democrático. As consecuencias se o non impedimos será deixar ao tecido produtivo galego, especialmente as PEMES, nas mans dos que so buscan o diñeiro fácil ao prezo que sexa e por suposto a mingua ou desaparición da obra social.

Por todo o dito propoñemos ao Pleno do Concello que acorde reprobar a conduta de Do José Luis Rodríguez Zapatero, Don Mariano Rajoy Brey, Don Miguel Angel Fernandez Ordoñez e Dona Elena Salgado como responsábeis do intento de espolio ao noso País.”

Aberto o debate pola Presidencia o Sr. Janeiro sinala que o PP e o BNG se puxeron de acordo no parlamento para salvar as caixas, e plantexa unha emenda de substitución consistente en quitar o último parágrafo de reprobación e substituílo por un positivo.

O Sr. Varela sinala que é un tema que se debe tratar noutras institucións con coñecementos macroeconómicos, e que é un tema que está moi politizado e por iso caeron no que caeron, polo que se van abster.

O Sr. Ledo Fernández di que mantén a mesma posición destes meses respecto a estes tipos de mocións que lles escapan, polo que se van abster tamén.

O Sr. Piñeiro explica que en parte está de acordo coa emenda do Sr. Janeiro, pero que non pasa nada por darlle un toque á Xunta, que a bancarización supón a perda de competencias do Estatuto de Autonomía, xa que as caixas naceron para aforrar os que tiñan pouco e se agora desaparecen é un golpe aos pequenos aforradores e a nós como pobo.

Sometida a votación a emenda do Sr. Janeiro é denegada por tres votos en contra do grupo BNG, dous votos a favor do grupo PP e sete abstencións correspondentes ao grupo PSOE e aos concelleiros non adscritos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a votación a moción, é aprobada por tres a favor do grupo BNG e dez abstencións correspondentes aos membros dos grupos PSOE, PP e aos concelleiros non adscritos.

9.2.- Moción dos grupos PSdG-PSOE e BNG para a retirada da Lei de Aguas.

O Sr. Alcalde explica o contido da moción:

“O Proxecto de Lei de Augas aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación por parte do goberno do PP, a costa de familias e particulares. Mentres as administracións preparan novas rebaixas impositivas para a adquisición de segundas vivendas, sen límite de prezo nin de renda dos seus titulares, o PP incrementa de xeito brutal e desproporcionado a imposición sobre o uso ou consumo de auga, nomeadamente para os usos domésticos, que serán os que soporten a maior suba de impostos. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m3. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa, obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos.

Reducen os consumos asimilábeis a domésticos, pasando dos 3.000 m3/ao ano actuais a 2.000 m3/ao ano, o que terá consecuencias moi importantes na suba que van experimentar colexios, centros de saúde, pequenos negocios, hostalaría, etc.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos, ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos, e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Por outra parte, a lei non adopta ningunha medida que veña a incentivar o aforro de auga, nin nos usos domésticos nin nos outros, e por riba establece unha cota para todos os fogares aínda que non teñan consumo de auga. Trátase dunha política fiscal abusiva que queren aplicarlle a toda a poboación co único obxectivo de recadar, cando con poñer en marcha a recadación do canon industrial -como no caso de ENCE- xa incrementarían os ingresos e garantiría un uso sostíbel da auga e unha xestión transparente do canon industrial do seu uso.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos, que só reponde ao interese do goberno do PP de facer recaer o incremento da recadación sobre as familias e outros usuarios que hoxe non soportan o canon de saneamento, mentres continúan a permitir a fraude fiscal aos grandes consumidores de auga cunha elevada carga contaminante, e néganse no Parlamento galego a establecer impostos para as grandes fortunas, para as rendas superiores a 1 millón de euros.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- 1. Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.*
- 2. Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás en igualdade de condicións.*
- 3. Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.*
- 4. Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga, de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.*
- 5. Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga.”*

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Piñeiro sinala que a lei se aproba en contra das consideracións do Consello Consultivo de Galicia que supón gravar os cidadáns con mais tributos na situación de crise na que estamos, e que dende a Dirección Xeral de Tributos se advirte do carácter discriminatorio da lei, que vai supoñer triplicar a factura da auga e cobrar por servizos non prestados, polo que se declaran contrarios a esta privatización da subministración.

O Sr. Varela sinala que se vai abster, que é necesario regular o ciclo da auga, e que hai que recadar para poder facer depuradoras, aínda que quizais non sexa o momento.

O Sr. Janeiro sinala que vai votar en contra, xa que a nova lei exime de tributar os usos agrícolas e gandeiros e as traidas veciñais, e que se vai realizar unha reunión en Chantada para explicalo.

A Sra. Gómez Alvarez sinala que esta de acordo e que vai votar a favor.

O Piñeiro apunta que coa nova lei a carga tributaria se incrementa en porcentaxes moi altas, e que os consumos domésticos, pequenos comercios, colexios, centros de saúde, etc.. non están exentos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor dos grupos PSOE, BNG e a Sra. Gómez Alvarez, dous votos en contra o grupo PP, e catro abstencións do resto de concelleiros non adscritos.

9.3.- Moción do grupo BNG sobre os edificios rehabilitados polo Xunta de Galiza no cantón e na rua Daniel Vázquez Boo.

O Sr. Piñeiro explica o contido da moción:

“Os inmobles sitos na rúa Daniel Vázquez Boo e no Cantón de Chantada foron rehabilitados pola Xunta de Galiza. O motivo da súa rehabilitación obedecía a varias necesidades importantes que todos consideramos positivas: rehabilitar dous edificios, potenciar con elo o Casco Histórico e adicalos ao aluguer para a xente nova.

Unha vez rematada a súa rehabilitación e coas obras, segundo informacións da propia Dirección Xeral de Vivenda, entregadas á Xunta de Galiza, non parece razoable que se manteñan sen utilidade alguna, tanto nos espazos adicados a vivendas como o baixo do edificio da rúa Daniel Vázquez Boo.

Consideramos necesario, que de maneira urxente, se posibilite o acceso a estas vivendas pois parece evidente que na situación actual serían atractivas para xóvenes ou persoas con nivel económico baixo. A este respecto dicir que neste momento hai no rexistro de demandantes deste tipo de vivendas para os máis novos, perto de 35 persoas, en Chantada.

Con respecto ao baixo do edificio da rúa Daniel Vázquez Boo dicir que en marzo de 2009 o Concello de Chantada aceptou as condicións propostas pola Dirección Xeral do IGVS para a adxudicación dese local en réxime de aluguer cunha renda mensual de 43,94 euros máis IVE facendonos cargo tamén dos gastos do suministro de auga, luz, teléfono, taxas, etc, adicando o baixo a servizos municipais. Que os edificios se habiten e o baixo acolla estas dependencias pensamos que sería positivo para o Casco Histórico.

Por estas razón, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar a Xunta de Galiza para que posibilite o aluguer das vivendas dos edificios rehabilitados pola Xunta de Galiza na rúa Daniel Vázquez Boo e no Cantón.

2.- Instar a Xunta de Galiza para iniciar os trámites para a adxudicación do baixo antes dito para dependencias municipais.”

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Varela di que non ten sentido que esten rematadas as vivendas e esten sen usar, e todas as vivendas son para aluguer cando habería xente interesada na adquisición.

O Sr. Janeiro di que o director do IGVS xa convocou a comisión de vivenda para adxudicalas, o que se realizará antes das eleccións, polo que pide que se retire a moción.

O Sr. Ledo Fernández apela polo bo comportamento institucional, e di que o equipo de goberno de Chantada non rexeitou ao PP en ningún acto institucional, pero que a Xunta de Galicia non fai o mesmo, e non chaman o Alcalde cando asisten a actos institucionais en Chantada.

O Sr. Piñeiro di que xa xurdiu efecto e que por iso non retiran a moción, e que non son formas de anuncio así.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a moción a votación é aprobada por sete votos a favor dos grupos PSOE, BNG e a Sra. Gómez Alvarez, e seis abstencións do grupo PP e do resto de concelleiros non adscritos.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia convidou aos grupos municipais se hai algúnha proposta para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas:

Moción de urxencia sobre o arranxo da pista dende a estrada de Monforte a Control na parroquia de San Fiz, xa que nestes momentos se atopa intransitable.

O Sr. Janeiro Rodríguez presenta unha moción de urxencia sobre o arranxo da pista dende a estrada de Monforte a Control na parroquia de San Fiz, xa que nestes momentos se atopa intransitable.

O Sr. Alcalde di que se están a facer xestións ao respecto, que se retire a moción.

Moción de urxencia sobre o arranxo da pista de San Cristovo-Nande na parroquia de Mouricios, que tamén se atopa intransitable.

O Sr. Janeiro Rodríguez presenta outra moción de urxencia sobre o arranxo da pista de San Cristovo-Nande na parroquia de Mouricios, que tamén se atopa intransitable.

O Sr. Alcalde di que tamén se arranxará cando se poida, que a Consellería de Medio Rural vai facer algunhas cousas por aí, que retire a moción.

Moción de urxencia sobre o arranxo da iluminación do paseo fluvial de Chantada, que se atopa sen iluminación dende o mes de xaneiro.

O Sr. Janeiro Rodríguez presenta outra moción de urxencia sobre o arranxo da iluminación do paseo fluvial de Chantada, que se atopa sen iluminación dende o mes de xaneiro.

O Sr. Alcalde di que se están a facer os trámites para solicitar o enganche, que se retire tamén.

Moción de urxencia sobre a autovía Lugo-Orense, para que se inste ao Ministerio de Fomento para que inclúa entre as súas prioridades a reanudación das obras e complete as licitacións e demais trámites pendentes de financiamento.

O Sr. Piñeiro presenta unha moción de urxencia sobre a autovía Lugo-Orense, para que se inste ao Ministerio de Fomento para que inclúa entre as súas prioridades a reanudación das obras e complete as licitacións e demais trámites pendentes de financiamento.

O Sr. Alcalde di que todos están de acordo coa moción.

O Sr. Varela móstrase de acordo, felicitando o Ministro de Fomento e o Presidente da Xunta pero que non esqueza a autovía de Lugo a Orense.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

O Sr. Piñeiro explica o contido da moción:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

“A falta de noticias sobre a autovía que deberá unir Lugo con Ourense por Chantada, enche de preocupación a veciñas e veciños da nosa comarca que ven como a desatención secular dos poderes públicos españois ás terras do interior de Galiza, persisten como unha maldición mesmo con proxectos redactados, tramos licitados ou obras que se comezaron pero axiña pararon.

Se sempre tivemos a sensación de ser case invisíbeis nos despachos dos ministerios en Madrid, resultamos agora dos primeiros aos que se nos presta atención se de paralizar obras se trata. A paralización da autovía que segundo o ministerio de fomento era so momentánea e so afectaba aos tramos xa iniciados mentres se mudaba a forma de financiamento, estendeuse á totalidade da infraestrutura e prolongase no tempo sen que se albisquen sinais de que o Ministerio de Fomento a vaia continuar de inmediato.

Estamos certos de que non compre falar da xustificación e importancia da autovía que deberá comunicar entre si e integrar na rede de autoestradas, ás dúas grandes cidades do interior do noso país. So reitera que para Chantada é vital para achegarnos á rede de transporte ferroviario e que a ampliación do Polígono Industrial que despois de mil e unha voltas e moito esforzo económico conseguimos, queda moi coxa se non conta con boas comunicacións.

Por todo o anterior, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte ACORDO:

- Dirixirse ao Ministerio de Fomento para que inclúa entre as súas prioridades a reanudación das obras, complete as licitacións pendentes e cantos outros trámites sexan precisos para que a autovía Lugo Ourense conte de xeito inmediato con financiamento suficiente e con data certa de remate para cada tramo.”*

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS:

-Sr. Varela: Hai verteduras do campo de futbol ao río? Pódese emendar cunha foxa séptica?

-Sr. Alcalde: Non hai verquidos, falla a bomba que hai no pozo e se atasca.....

-Sr. Janeiro: A parte do edificio de uso múltiple de catro plantas era para os sindicatos ou non?

-Sr. Alcalde: Inicialmente era así, pero non están de acordo porque perden metros e necesitan aulas de formación homologadas, polo que polo momento se está a usar para outros servizos municipais para aforrar alugueres, á espera de realizar a permuta.

O Sr. Varela agradece a boa disposición para deixarlles aos membros non adscritos un despacho nese edificio, sinalando que está disponible para calquera outro uso.

E sendo as vinteunha horas e trinta minutos, e téndose cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certificado.

Chantada, 14 de abril de 2011



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel